



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 18 DE XUÑO DE 2015</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> EXTRAORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZA O VIEITES  
Concelleira  
D. ROMÁN SUÁREZ PORTO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
D. LUIS RENDO ARAUJO  
Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA  
Concelleiro  
DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS  
Concelleira  
D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS  
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaoito de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria de organización, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA PLENARIA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, CELEBRADA O 13 DE XUÑO DE 2015.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NO RURAL, CULTURA (INCLUÍNDO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) E MEDIO AMBIENTE.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL

8°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN.

9°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE CONCELEIRO ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE EVENTOS, MERCADOS E COORDINACIÓN DAS BRIGADAS DE MANTEMENTO DE OBRAS E SERVIZOS.

10°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS PARA OS VOCEIROS DOS GRUPOS MUNICIPAIS CON REPRESENTACIÓN POLÍTICA.

11°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO.

12°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES.

13°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DA ESTRADA.

14°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOCAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

#### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

15°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

16°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS TENENTES DE ALCALDE.

17°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS EN CONCELEIROS.

18°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

**1°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA PLENARIA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, CELEBRADA O 13-06-2015.**

**Sr. Alcalde:** Benvidos a todos e todas, benvidos á primeira sesión do Pleno da nova Corporación municipal, sesión extraordinaria que como procede a través do correspondente reglamento, pois hai que convocar para o correspondente Pleno de Organización. Antes de comezar a sesión quero dar a benvida aos novos Concelleiros que nos acompañan nesta nova andaina desta Corporación municipal, a Don Román Suárez Porto, a Don Luis Rendo Araujo, Don Manuel Fernández Cerdeira, Dna Silvia Neira Iglesias, Don Eduardo José Davila Rodríguez e Dona María del Mar Blanco Casais; para eles e para todos as mellores das sortes para traballar en beneficio, en interés dos nosos veciños dende esta Corporación municipal.

Sen máis procedemos ao inicio do Orde do Día que ten a parte primeira que é a parte resolutoria que o punto primeiro e a aprobación da acta plenaria de constitución da nova Corporación en elección celebrado o 13 de Xuño de 2015. Non sei se hai algunha cuestión ou alegación acta? . Ten a acta Dona Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao, Concelleira do PsdeG-PSOE:** Ben, na primeira páxina da acta figura a data das eleccións locais como o 22 de maio de 2011, pedimos se corrixa a mesma.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois recollida esa aportación procedemos á votación da acta incorporando esa modificación. Votos en contra?, abstencións?, ¿votos a favor?. Apróbase a acta por unanimidade con esa modificación.

Dada conta da acta plenaria de constitución da nova Corporación, celebrada o 13 de xuño de 2015, advírtese de erro na redacción da mesma, propoñéndose a súa corrección, de xeito que:

Onde di:

*"No Salón de Actos da Casa do Concello da Estrada, sendo as 12.00 horas do día 13 de xuño de 2015, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos 195 e 196 da lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas leis orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio, e 3/1998, do 15 de xuño, e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2258/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde; reuníronse, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio de 2011, que son os seguintes:...."*

Debe dicir:

*"No Salón de Actos da Casa do Concello da Estrada, sendo as 12.00 horas do día 13 de xuño de 2015, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos 195 e 196 da lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas leis orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio, e 3/1998, do 15 de xuño, e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2258/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde; reuníronse, en sesión pública, os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 24 de maio de 2015, que son os seguintes:...."*

Sometida a votación, apróbase por unanimidade, previa as correccións propostas, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.**

**Sr. Alcalde:** Punto número dous é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación de periodicidade das sesións ordinarias do Pleno. Para explicar o asunto ten a palabra Don Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco, Concelleiro do PP:** Ben, boas tardes. Vista a normativa aplicable, se propón determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación poñendo

como data ordinaria o primeiro xoves de cada mes ás oito e media. E agora ben, tras unha Xunta de Portavoces, hai unha proposta recollida unanimemente por todos os partidos de establecer nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro a hora ás nove e media da noite.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, algunha cuestión?. Pois procedemos a votar polo tanto o punto número dous que é a aprobación da proposición de Alcaldía de determinación da periodicidade das sesións ordinarias, coa emenda que acaba de fixar o Concelleiro de alterar o horario ás nove e media da noite nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación da periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

Procédese á votación da EMENDA á proposta da Xunta de Voceiros manifestada de xeito oral. A emenda introduciuse cos votos favorables de todos os membros da Corporación. Consiste a emenda en que o horario das sesións plenarias a celebrar nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro sexa ás 21:30 h., e o resto dos meses ás 20:30 h.

Por último, e despois de introducida a emenda mencionada, adoptouse, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Vista a emenda á nomeada proposta, segundo o debatido neste punto.

Visto o sinalado no artigo 46 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 210 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no artigo 78 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**ACORDAMOS:**

Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

As sesións celebraranse ordinariamente o primeiro xoves de cada mes, sendo o horario de celebración as 20:30 horas, agás os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en que o horario será ás 21:30.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIONS INFORMATIVAS DO CONCELLO.**

**Sr. Alcalde:** O punto número tres é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía relativa ás Comisións Informativas do Concello. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, daquela maneira, pasamos a propoñer que a periodicidade sea semanal para as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Don Alberto. Algunha intervención? Pois procedemos a votar á aprobación da proposición da Alcaldía relativa ás comisións informativas do Concello, votos en contra?... algunha intervención?... votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por unanimidade o punto número tres.

O punto número cuarto é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**(Intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:** Si, Comisións Informativas e Xunta de Goberno....

**Sra. Belén Louzao:** No, no, e que o portavoz acaba de presentar o punto número catro e acabamos de votar as Xuntas de Goberno, se alterou a orde, entón agora habería que debatir o punto número tres.

**(Intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:** Volvemos a repetir. O punto número tres é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía relativa ás Comisións Informativas.

**(Intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:** Claro, o punto número tres... o punto número dous é a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, o punto número tres é a aprobación, se procede, da proposición relativa ás Comisións Informativas do Concello. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Perdón, se aportou unha proposta de Comisións, hai unha pequena variación en dúas delas que agora pasarei a enumeralas, pero anuncio primeiro a modificación que sería que donde figuraba a Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, Educación pasaría a formar parte da que sería de Benestar Social, Educación e Igualdade; desta forma a proposta de Comisións sería a seguinte: Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas; Comisión Informativa de Urbanismo; Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais; Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade; Comisión Informativa agora solo de Cultura e Deportes; Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente e, finalmente, Comisión Informativa de Promoción Económica.

No segundo punto sería determinar a periodicidade para estas sesións de Comisións Informativas con carácter mensual. E, en canto á composición de cada una das Comisións Informativas, si ben a proposta inicial era de cinco membros para o Partido Popular, tres para o Partido Socialista, un para BNG e outro para MÓVETE, tamén na señalada reunión de portavoces se estableceu que serían seis, esa é a proposta que se fai finalmente, seis membros do grupo municipal do Partido Popular, catro membros para Partido Socialista de Galicia-PSOE, un membro para BNG e un membro en representación do grupo municipal de MÓVETE.

Ben, visto que habría... non habría superioridad que reflexa o Pleno se establece que, en caso de empate, o voto de calidade para o Presidente tal e como se viña facendo no anterior mandato.

E a designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión informativa que lle corresponden a cada grupo realizárase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde e poderá sinalar tanto os suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo. o Alcalde é o presidente nato de todas as Comisións Informativas, no obstante poderá delegar a presidencia noutro Concelleiro a proposta da propia Comisión trala correspondiente elección efectuada no seu seo; no

caso de que o señor Alcalde, despois ser efectuada a delegación, acuda a algunha sesión, corresponderalle a el a súa convocatoria e presidencia, non sendo convocado nin acudindo a Comisión algún dos membros designados en principio en representación do grupo municipal do Partido Popular.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, antes de darlles paso aos voceiros, aclarar tamén que a Comisión... a última Comisión que comentaba o voceiro do Partido Popular sobre a Comisión Informativa Promoción Económica, habría que determinala tamén como Comisión Informativa de Promoción Económica e Emprego, sería unha modificacións que, polo tanto, quedaría as únicas modificacións como Benestar Social, Educación e Igualdade, Comisión Informativa de Cultura e Deportes a a última como Comisión Informativa de Promoción Económica e Emprego.

Non sei se hai algunha cuestión?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, aclarar a esta Corporación, tal e como fixemos na Xunta de Portavoces aludida, que nós, dende o grupo socialista, entendemos que o voto acadado polas distintas formacións que formamos parte desta Corporación, deste Pleno municipal, nos debe de levar a esta distribución 6-4-1-1, porque non esquezamos 5.900 votos do Partido Popular, 4.778 partido do PSOE, 949, 848 os outros grupos, o que fai que a súa distribución proporcional nos leve a suplementar aos grupos desta Corporación, o BNG e MÓVETE, tal e como se acordou nesta Comisión, para que todos teñan un representante en cada unha das Comisións, pero, dende logo, non debe ser en detrimento de ningún dos outros partidos representados nesta corporación, por iso dicir e alegrarnos de que se teña chegado a esta distribución que, dende logo, e máis obxectiva e distribúe de xeito máis adecuado e proporcionalmente o voto acadado distribución da presenza nas Comisións. Moitas Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dna. Belén Louzao. Non se hai algunha outra intervención?. Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, concelleiro do BNG:** Si, simplemente manter que no nos parece operativo esta proposta que se fai agora, a representatividade vese precisamente no Pleno e non nas Comisións, as Comisión simplemente é un órgano de traballo para axilizar traballos e para chegar a posibles puntos de acordo no que se vai a levar aos Plenos. Pero como o BNG cando chega a un acordo cas máis forzas políticas ou con calquera outra persoa, cumpre os seus acordos, non os rompe, vamos a votar a favor.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, Sr. Magariños moitas gracias pola súa intervención e polo tanto procedemos a votar o punto número tres que é a aprobación da proposición da Alcaldía relativa a Comisións Informativas do Concello. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase o punto número tres por unanimidade tamén.

Procédese á votación das EMENDAS á proposta da Alcaldía que obraba no expediente. As emenda introdúcense cos votos favorables de todos os membros da Corporación. Consisten en, unha delas (segundo proposta escrita da Xunta de Voceiros) en modificar o números de membros na composición de cada unha das Comisións Informativas; e a outra (segundo proposta "in voce" da Xunta de Voceiros) no cambio de denominación dalgunhas das Comisións Informativas.

Por último, e despois de introducidas as emendas mencionadas, adoptouse, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Vista a a proposta de emenda asinada con data 18-06-2015 polos membros da Xunta de Portavoces.

Vista a proposta de emenda “in voce” á proposta da Alcaldía-Presidencia.

Visto o establecido no ROF, artigo 97.5, que regula a posibilidade de plantexar emendas propoñendo a modificación dunha proposta mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

Visto o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 66, 67, 68 e 212 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

Visto o sinalado no artigo 29, 38, 123, 124 125, 127 e 134 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar a existencia das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa de Urbanismo
- Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais
- Comisión informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade.
- Comisión informativa de Cultura e Deportes
- Comisión informativa de Rural e Medio Ambiente
- Comisión informativa de Promoción Económica e Emprego

**Segundo.-** Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias de todas as Comisións Informativas.

**Terceiro.-** A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- 6 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia
- 4 membros en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE
- 1 membro en representación do grupo municipal do BNG
- 1 membro en representación do grupo municipal MÓVETE

Visto que o número de concelleiros é par, establécese a aprobación mediante o voto de calidade do Presidente sen necesidade de acudir a unha segunda votación.

A designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión Informativa que lle corresponden a cada grupo realizarase mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo.

**Cuarto.-** O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

No caso de que o Sr. Alcalde, despois de efectuada a delegación, acuda a algunha sesión, corresponderalle a el a súa convocatoria e presidencia, non sendo convocado ni acudindo á Comisión algún dos membros designados en principio en representación do grupo municipal do PP.



**4°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

**Sr. Alcalde:** O punto número cuarto é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco, Concelleiro do PP:** Ben, esta é a que por erro mencionei antes e sería establecer para a Xunta de Goberno Local a periodicidade semanal.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención? Pois procedemos a votar: Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por unanimidade a proposición de Alcaldía de determinación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación da periodicidade mensual das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 211 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

Visto o sinalado no artigo 112 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**ACORDAMOS:**

Determinar unha periodicidade semanal para as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

**5°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.**

**Sr. Alcalde:** O punto número cinco é a aprobación, se procede, proposición de Alcaldía de determinación de Alcaldía como cargo de dedicación exclusiva. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, neste punto e tras ver a normativa aplicable, en concreto a Lei de Racionalización das Administracións Públicas, que establecen topos máximos salariales para os cargos públicos, propoñemos determinar a alcaldía como cargo de dedicación exclusiva establecendo a cuantía a percibir en 55.000 euros brutos anuais; producirase a correspondente alta na seguridade social asumindo o Concello o pagamento as cotas necesarias empresariais que lle correspondan, de conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo na súa sentenza de 3 de febreiro de 1988, dotar este acordo con efectos retroactivos desde o 13 de xuño de 2015, data de toma de posesión do Alcalde.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención?. Ten a palabra Dona Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Tal e como xa temos manifestado tamén, evidentemente non podemos apoiar esta proposta, non podemos apoiar que, despois dunhas eleccións, despois dun cambio de Corporación municipal, que o que se pretenda facer na primeira decisión sexa subir o salario do Sr. Alcalde. Compartimos, e xa o dixemos máis veces nesta Corporación, que, evidentemente, as persoas que se encarga da xestión do concello teñen que ter un salario que lles permita facer esta función, pero ese salario non implica subir 1.100 euros ao mes por unha decisión que se vai adoptar nesta Corporación nestos momentos, non podemos compartir esta subida de 42.000 55.000 euros, estamos a falar de 13.000 euros que se pretenden subir, cando se lle está dicindo aos veciños que hai que facer presupostos de guerra, presupostos axustados, e se esta a recortar. Estamos a falar dunha subida, como dicíamos, que cremos que non procede nestes momentos facer, que e era o señor Alcalde o que dicía nas distintas entrevistas e tamén neste mesmo seno, dixo que se era necesario baixar o seu salario o faría, pois vemos que debeu de cambiar xa de opinión e que agora o está facendo subir, como dicíamos, nada menos que 1.100 euros ao mes, 1.100 euros que moitas familias da estrada nin sequera ingresan todos os meses. Moitas Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Belén Louzao. T en a palabra Dona Mar Blanco.

**Sra. María del Mar Blanco, Concelleira de MÓVETE:** Vale, nós estamos tamén en contra de esta proposta, entendemos que o Alcalde debe ter dedicación exclusiva para poder desempeñar as tarefas encomendadas ao seu cargo, pero non vemos xustifico o incremento do seu salario, non? Se ata o de agora viña desempeñando as mesmas funcións que vai a seguir desempeñando nos próximos catro anos cobrando 42.000 euros brutos, non entendemos como se xustifica agora o incremento en 13.000 euros máis polas mesmas funcións. É certo que a Lei de Racionalización e Susceptibilidade da Función Pública aprobada polo goberno central en decembro o de 2013, establece un límite de 50.000 euros para cobrar o Alcalde nun Concello das características da Estrada, sin embargo, aínda que por Lei este incremento sexa posible non entendemos este cambio de decisión do Alcalde de subirse o soldo xa que el mesmo, a principios do ano pasado, declaraba non barallar sobre o seu soldo, e tendo en conta ademais o contexto de precariedade económica xeneralizada no que nos atopamos. Pedímoslle, polo tanto, que siga os pasos dados polas Alcaldes de Madrid e Barcelona e tamén, como é obvio, polas rebaixas salariais dos Alcaldes das Mareas galegas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Mar Blanco. Ten a palabra Don Xosé Magariños.

**Sr. Xosé Magariños, concelleiro do BNG:** Non compartimos este incremento que, se ben é certo, cumpre o que marca a Lei da Racionalización das Administracións Públicas, máis ben deberíamos chamarlle Lei de Irracionalización das Administracións Públicas porque é unha Lei que, se non me faia a memoria, contempla a posibilidade de que un Concello coa categoría da Estrada teña 7 liberados políticos e 11 cargos de libre disposición, se isto é Lei da Racionalización mi madriña do Carme! o que sería a da Irracionalización. Atopámonos cun incremento dun 30% no salario do Alcaide, cando o incremento que, no mellor dos casos, van a ter os traballadores en todo o estado vai a ser dun 1% non?. Atopámonos tamén cun incremento do porcentaxe do presuposto dedicado a órganos de goberno e persoal de confianza, e este Capítulo dos Presupostos tería que ir compensado co que sería o propio presuposto, non?. Se estivéramos ante unha suba do que é o presuposto para o Concello da Estrada, pois diríamos bueno... incremento do presuposto pois foi un

30% pois poderíamos estar falando que poderíamos incrementalalo nun 30% este porcentaxe ao persoal de confianza, e de aí que se o Alcalde quere cobrar máis perfecto!, entonces terán que cobrar menos o resto da xente ou ter menos persoal de confianza, o que non podemos é estar subindo ano a ano esta parte dos presupostos, dos orzamentos municipais, porque, dende logo, leva a unha irracionalización do que é o gasto público non?. Compartimos que o Alcalde si ten que ter dedicación exclusiva e, xa digo, se quería subirse o salario este 30% pois era moi fácil reducir un 30% os cartos que cobra o resto dos órganos de goberno, persoal de confianza, e non habería maior problema, pero estámonos atopando cun incremento, non só co que é o salario do Alcalde se non tamén órganos de goberno, persoal de confianza, que xa falaremos desto cando toque o punto.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Don Xosé Magariños. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, o que acaba de dicir o Sr. Magariños da Lei da Racionalización das Administracións establece uns topes que ni de cerca chegamos a metade do que nos permitirían a citada Lei. Temos que recordar que estamos ante un cargo da Alcaldía que non ten maiores gastos como pode ser noutros Concellos onde si existe chofer de vehículo a disposición, todos os gastos asumidos polo Alcalde sempre foron asumidos persoalmente por el. E, por outra banda, aínda que todos temos máis ou menos historia, os novos movementos como Marea tratan de disfrazar a veces os seus salarios cos salarios netos, como ocorre no Concello de Santiago, co cal sempre hai que evitar as demagoxias que dan lugar a estes temas, todos temos historia, o Partido Socialista tras propoñer setenta e pico mil euros no ano 2007 finalmente aceptou un sueldo para o seu Alcalde creo recordar de sesenta e dous ou sesenta e catro mil euros, moi superior ao que agora se propón, o que se propón son 55.000 euros que era a cantidade que lle admitía o Bloque Nacionalista Galego hai oitos anos ao Alcalde socialista naquel momento, no ano 2007, co cual, ben, como acabo de dicir sempre da lugar a demagoxia e podemos votar aquí discutindo todo isto, pero na suficiencia dos cargos públicos da responsabilidade e o axuste á Lei, neste caso á Lei de Racionalizacións das Administracións.

**Sr. Alcalde:** Moi ben D. Alberto. Algunha intervención?. Ten a palabra Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Solo unha última cuestión, non é que nos opoñamos a que cobre 55.000 euros que lle permite a Lei, ao que nos opoñemos é a que se incremente o porcentaxe do Orzamento municipal adicado a órganos de gobernos e persoal de confianza. Se o señor Alcalde quere cobrar 55.000 euros parécenos correcto, é o que marca a Lei, pero entonces que se reduza a partida do resto, que non queda outra, o que non estamos dispostos é a aprobar un incremento do porcentaxe do orzamento adicado a órganos de goberno e a persoal de confianza. Gústame que fale de historia, efectivamente, o BNG ten historia e é coherente coa súa historia, o que propón hoxe e o que propón ao longo da súa historia.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois creo que está o tema suficientemente debatido, polo tanto procedemos a votar o punto número cinco de aprobación da proposición de Alcaldía de determinación de Alcaldía como cargo de dedicación exclusiva. votos en contra? (Partido Socialista, MÓVETE e BNG). Abstencións?. Votos a favor? (Partido Popular). Apróbase por maioría.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación da Alcaldía como cargo de dedicación exclusiva.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8), BNG (1) e MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 225 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar a Alcaldía como cargo de dedicación exclusiva, establecendo a contía a percibir en 55.000 euros brutos anuais. Producirase a correspondente alta na Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

**Segundo.-** De conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo na súa Sentenza de 3 de febreiro de 1988, dotar a este Acordo de efectos retroactivos, dende o 13 de xuño de 2015, data da toma de posesión do Alcalde.

**6º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NO RURAL, CULTURA (INCLUÍNDO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) E MEDIO AMBIENTE.**

**Sr. Alcalde:** Punto número seis é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación como dedicación exclusiva do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, a proposta de Alcaldía é a seguinte: Primeiro, determinar como dedicación exclusiva o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente. O réxime de dedicación será do 100% do que constitúe a xornada habitual de funcionario, que é de 37,5 horas semanais, as correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible, establécese a cuantía a percibir en 40.000 euros brutos anuais; o Concello asumirá o pagamento das cotas empresariais e seguridade social que lle correspondan; e, para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito de declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo os orzamentos doutras administracións públicas e que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto da Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas estas circunstancias. Asemade, en

virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos orzamentos doutras administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de incompatibilidades, adoptarse previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención? Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, na mesma liña que no punto anterior, vamos a manter o noso voto non favorable a esta dedicación, unha dedicación que vai a supor as arcas municipais 40.000 euros, 40.000 euros que sumados aos 13.000 de incremento do señor Alcalde, sumados ao incremento que se vai a debater a posteriori para a outra Tenente de Alcalde, así como os incrementos que se van a propoñer para os cargos de confianza, fan que esta Corporación, que este Alcalde propoña a esta Corporación un incremento de 90.000 euros en cargos e órganos de dedicación, órganos de goberno. Dende logo cremos que non se pode facer unha subida desta natureza no noso Concello, un Concello que ten un presuposto axustado, como se dixo sempre, e que ten un presuposto que se veu incrementado nos últimos anos pola subida de impostos aos veciños e veciñas da estrada, familias que están a ter pagar máis por menos servicios, porque non nos esquezamos que a Corporación anterior, presidida polo mesmo Alcalde, decidiu ceder funcións á Deputación de Pontevedra, funcións para as que hoxe se piden dedicacións, e non so iso senón que se están pedindo dedicacións como é o caso de esta nova incorporación de dedicación exclusiva, dedicacións duplicadas, dúas persoas para facer as mesmas funcións. Entendemos que o Concello da Estrada con esta redución de funcións, con esta cesión que fixo o Concello da A Estrada, co presuposto que ten e coas necesidades que teñen agora mesmo as nosas familias co Estado, nas vías nas que se atopan, ten a onde destinar estes 100.000 euros sen que sexa incrementar o salario das persoas de órganos de goberno. Por iso, dende logo, non vamos a apoiar esta nova dedicación, tal e como propuxemos na mesa de voceiros, cremos que é suficiente manter as dedicacións que había e destinar o diñeiro que se viña destinando ou reducir a dedicación se se quere incorporar novas dedicacións ao señor Constenla. Por iso non vamos apoiar esta nova dedicación nin estes novos 40.000 euros destinados a mantemento de órganos de goberno, como dicíamos preto de 100.000 euros que se propón de subida de gasto do Concello para os órganos de goberno, non o vamos a apoiar. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Belén Louzao. Ten a palabra Dona Mar Blanco, en representación de MÓVETE.

**Sra. María del Mar Blanco:** Nós estamos tamén en contra desta proposta. Como é lóxico o grupo de goberno organizase como entende que e mellor para cumprir de un xeito máis eficaz as súas tarefas, non?. Esta distribución de que persoas exercen unhas ou outras responsabilidades compételle só ao goberno e nós pouco temos que dicir deso. Onde si temos que dicir, e por iso nos manifestamos en contra desta proposta, é no tema salarial, parece que é excesivo percibir un salario de 40.000 euros brutos anuais, como dicía antes, neste contexto de precariedade económica xeneralizada. Tendo ademais en contra que esta dedicación exclusiva supón unha nova a maiores das que se viñan dando na anterior lexislatura e recordamos que foi o propio Alcalde cando a principios do ano pasado descartaba con rotundidade a posibilidade de aumentar cargos de confianza ou dedicacións exclusivas. Por iso, unha vez máis, preguntámoslle ao señor Alcalde que cambio hai para mudar de opinión, porque a situación económica dos estradenses está claro que non mellorou.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Mar Blanco. Ten a palabra Don Xosé Magariños en representación do BNG.

**Sr. Xosé Magariños:** Dúas cuestións con respecto a este punto. A primeira reitérolle o dito no punto anterior, si quere unha nova dedicación exclusiva redúzase o seu salario o reduza o salario do resto dos membros do goberno e órganos de confianza. Non é de recibo aumentar o porcentaxe adicado a órganos de goberno e persoal de confianza, estos cartos se se queren dedicar a algo, que se dediquen ao mantemento dos viais rurais, por exemplo, xa que o Concelleiro é do rural, porque presentan un estado lamentable, non dedicou.. igual esaxero un pouco é un pouco dicindo que nos catro anos pasados dedicou unha cantidade de 90.000 a desbrozar cunetas e a asfaltar viais..., bueno ao mellor si, ao mellor foi o que gastou nestos asfaltos que se dedicou a facer neste último mes, que xa se están desfacendo por certo, bueno, ten que buscar... coño! Agora Louzán non está na Deputación!, que problema!. Agora, supoño que precisamente ven por eso a cuestión de que necesita unha dedicación exclusiva máis, neste caso vinculada a Medio Ambiente, igual quere retomar as competencias que lle cedeu á Deputación, porque senón non se xustifica. Ou sexa, cedeu absolutamente todas as competencias e agora atopámonos aquí cun... vamos!, con máis persoal de confianza, bueno, con máis persoal de confianza non, máis salario para o persoal de confianza, máis persoal en órganos de goberno... algo vai a cambiar no Partido Popular, bueno agora como un dos nove encargados de elaborar a nova estratexia do Partido Popular... igual ven por aí. Pero bueno, vaíamos ao serio.

Outra cuestión que lle quería indicar e que as competencias en Normalización Lingüística deberían ser parte da Alcaldía, porque é unha cuestión moi importante, unha cuestión que debe ser transversal a todas as áreas e que mellor que a Alcaldía para facer esa transversalidade a todo o Concello.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, moitas gracias. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, en canto ao último, á distribución das delegacións, bueno é unha facultade que lle corresponde á Alcaldía e que se así o entenden serán lógicamente e sen ningunha dúbida desenroladas estupendamente polo Concelleiro delegado. En canto ás cantidades volvemos ás prerrogativas que otorga a Lei e que estamos por debaixo do 50%, incluso diría do 50% de todo o gasto que permite esta Lei xa nomeada de normalización do gasto público das Administracións Públicas.

E, ben, en canto ás cesións que se falan, ignoro cal é a primeira das competencias da Alcaldía que están delegadas, en todo caso se delegou no seu momento un tema de recaudación pero en ningún momento ningunha competencia do Alcalde, co cual tanto o Alcalde como os demais Concelleiros teñen as mesmas competencias que tiñan no seu momento, fala en concreto Sr. Magariños de Medio Ambiente, de Medio Ambiente penso que non hai nada, houbo una exploración, unha posibilidade de establecer a recollida de lixo que, en ningún momento, se chegou a executar, co cal non hai esa delegación do que é o servizo pero nunca en ningún momento das competencias que ten que desenvolver o Concello da Estrada.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, Sr. Blanco. Algunha outra intervención?. Ten a palabra Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Agradézolle que diga que en Medio Ambiente non hai nada, porque efectivamente nestos catro anos non houbo absolutamente nada.

**Sr. Alberto Blanco:** Perdón, no hubo nada de delegación...

**Sr. Alcalde:** Perdón, ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Disculpe Sr. Alcalde, referirme a que non houbo ningún tipo de delegación, o que é de Medio Ambiente son as competencias e obrigacións que lle confire a Lei a un Concello da categoría do Concello da Estrada.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois se non hai máis intervencións procedemos a votar o punto número sexto que é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación como dedicación exclusiva do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañada da delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos municipais no Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por maioría.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación como dedicación exclusiva do cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegación de facultades.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8), BNG (1) e MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como de dedicación exclusiva o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Obras e Servizos, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística); Medio Rural e Medio Ambiente.

**Segundo.-** O réxime de dedicación mínima será do 100 % do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible.

**Terceiro.-** Establécese a contía a percibir en 40.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

**Cuarto.-** Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptárase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

7º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL

**Sr. Alcalde:** O punto número sete é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación como de dedicación parcial do cargo do Segundo Tenente de Alcalde acompañado das delegacións das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Facenda, Organización e Persoal. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, a proposta no seu punto primeiro determina... establece determinar como dedicación parcial o cargo do Segundo Tenente de Alcalde acompañado da delegacións das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Facenda, Organización, Persoal e Urbanismo. O réxime de dedicación mínima será o 50% do que constituía a xornada habitual do funcionario que é de trinta e sete horas e media semanais; as correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible. Establécese a cuantía a percibir en 20.000 euros brutos anuais, e o Concello asumirá as cuotas empresariais e seguridade social que lle correspondan. Para que este acordo resulte efectivo será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito declaracións sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos orzamentos doutras administracións públicas, e que, previa fiscalización de Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto da Alcaldía en execución do presente recoñecendo todas as circunstancias. Asemade, e se, en virtude das súas declaracións sobre as retribucións que poida percibir con cargo os orzamentos doutras administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, algunha intervención en relación con este asunto?. Ten a palabra Belén Louzao, portavoz do Partido Socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Reiterar unha vez máis, tal e como o dixemos, que non se xustifica para nada o incremento de dedicacións que se pretende facer aplicando a maioría absoluta nesta Corporación, como non se xustifica o incremento do gasto ás mesmas, por iso manteremos o noso sentido de voto negativo a esta proposta igual que nas propostas anteriores, porque, como dicíamos, non se xustifica para nada este incremento de dedicacións e polo tanto tamén de diñeiro destinado a este tipo de gasto.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra Mar Blanco en representación do grupo municipal MÓVETE.

**Sra. María del Mar Blanco:** Bueno, nos si que estamos a favor desta proposta, entendemos que é a única área das contempladas como dedicación parcial que incrementa as materias nas que ostenta a responsabilidade, sendo nada máis e nada menos que Urbanismo, polo tanto, vemos xustificoado que se manteña a asignación salarial establecida na proposta de Alcaldía.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Mar Blanco. Ten a palabra Don Xosé Magariños en representación do grupo BNG.

**Sr. Magariños Maceiras:** A parte de reiterarlle os argumentos anteriores, si quere manter esta retribución, esta dedicación exclusiva, reduza os custes da nova dedicación exclusiva ou do



salario do Alcalde. Pero eu neste punto quero dar unha argumentación máis. Ten a delegación de facultades de xestión interna das áreas de Facenda, Organización de Persoal e Urbanismo, tendo en conta o que foi a xestión do persoal na lexislatura pasada (fracaso da RPT bueno!, en colección de sentencias en contra), como é que di o Alcalde?, 6-0, aquí non me chegan as dúas mans eh?, non me chegan!, non vou por aquí as dos pes porque non quedaría bonito pero...20-0 ou máis, eh? Entón eu para votar a favor desta proposta o que propoño e que se lle rebaixe o 33% que correspondería, son 3 áreas, aproximadamente son 33,3% da realización do persoal, dado que foi un fracaso absoluto na xestión de persoal na lexislatura pasada, non hai nada que nos diga que vai mellorar esa xestión, entón, non é merecedor do salario.

**Sr. Alcalde:** Moi ben D. Xosé Magariños. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Sr. Magariños un breve apunte, onte xa tiven a oportunidade de decirlle o mesmo, se quere lle explico realmente como foi a xestión de persoal como responsable del, non o considero persoalmente un fracaso, temos o apoio do 50% dos representantes sindicais, é un proceso que sigue sobre a mesa, simplemente cambiou a tramitación por unha aprobación inicial que se suprime dando paso a exposición pública e que me gustaría, tanto a nivel persoal como se quere en debate público, explicarlle porque me parece que non ten coñecemento, de cal foi a negociación e tramitación de persoal incluíndo o das sentencias xudiciais que, si se preocupa en ler algunha de elas, onde nace a fundamentación xurídica do fallo eu penso mudaría a súa opinión pero dunha forma clarísima que é a adquisicións duns dereitos que ven de atrás, simplemente, e non pretendo xustificar este 33% que mete usted, eh?

**(Intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:** E aínda así, como dicía o Sr. Blanco, aínda así foron máis as sentencias o que pasa é que nos quedamos sempre no lado negativo, pero que foron bastantes máis as sentencias e emprázolle a que as consulten as ganadas por esta última Corporación municipal que as perdidias, bastantes máis, e, por desgracia, o poden falar colectivos como policía local ou protección civil ou a mesma que nos acaba de chegar onte dunha traballadora que tamén pedía a súa situación de indefinida e perdeu contra a defensa do Concello. O sea, son bastantes máis as que perderon os traballadores municipais cas que gañaron nestos últimos anos, pero, efectivamente, eu creo que, como ven apuntaba, un dos obxectivos prioritarios de cara á próxima lexislatura é regularizar e poñer un pouco de sentido común no que son as relacións entre a administración e os seus propios funcionarios e creo que aí temos bastante traballo que facer, ao que eu os invito a sumarse, en vez de poñerse detrás da pancarta poñerse diante, axuden e consigamos facer un documento de RPT, que xa lles garantizo que vai a ser un dos obxectivos para este ano, para aprobar por parte desde goberno, deste novo goberno. Así que eu lle fago un reto Sr. Magariños, se vostede cree que non é merecedor porque non fixo unha boa xestión supoño que será merecedor de incrementar un 33% cando sexa o primeiro concelleiro en trinta anos que aprobe unha RPT; ao mellor e a proposta que lle fago e se vostede acepta sería positivo igual que a que lle fixen no seu momento co Plan Xeral e outros retos que levábamos máis de vinte ou trinta anos intentando conseguir e que este goberno foi capaz de conseguir. Así que creo que hai que ser razoable e, neste caso, me parece que a labor neste capítulo que estaba completamente abandonado polos gobernos anteriores creo que se intentou chegar a un camiño, sobre todo no que é a regularización dos postos de

traballo, onde evidentemente queremos agora, antes de final de ano o co maior consenso posible, chegar a aprobar ese documento de RPT, porque temos un documento que agora mesmo é de referencia para o persoal deste concello desde o ano 1996, así que creo que vinte anos despois ben vale a pena que nos poñamos a traballar para intentar conseguir un documento que non vai contar co acordo de todos, imposible, pero si co acordo da maioría.

¿Algunha intervención máis?.Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Non, simplemente contestarlle ao seu reto, que lle reduza agora o 33% e canto aprobe a RPT llo suba. Non temos problema ningún.

**Sr. Alcalde:** Será o primeiro Concelleiro de persoal que aprobe un documento de RPT en vinte anos, parece que é pouco o reto?. Eu creo que o vamos a conseguir e espero, ademais, e o emprazo para que asuma vostede ese reto e que nos apoie nese obxectivo.

Votos e... procedemos, polo tanto, a aprobación da proposición de Alcaldía de determinación como dedicación parcial do cargo de Segundo Tenente de Alcalde acompañado da delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Facenda, Organización, Persoal e Urbanismo. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? MÓVETE e Partido Popular a favor e Partido Socialista e BNG en contra.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación como dedicación parcial do cargo de Segundo Tenente de Alcalde e delegación de facultades.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (11) e MÓVETE (1), e en contra do PSdeG-PSOE (8) e BNG (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como de dedicación parcial o cargo de Segundo Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Facenda, Organización, Persoal e Urbanismo.

**Segundo.-** O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible.

**Terceiro.-** Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

**Cuarto.-** Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas

esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

**8°.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN.**

**Sr. Alcalde:** O punto número oito é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación como dedicación parcial do cargo de Terceiro Tenente de Alcalde acompañado de delegación das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, a proposta segue así: Determinar como dedicación parcial o cargo de Terceiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación. O réxime de dedicación mínima será do 75% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario, trinta e sete horas e media semanais. As correspondentes horas semanais se desenvolverán en horario flexible. Establecese a cuantía a percibir en 30.000 euros brutos anuais e o o Concello asumirá o pagamento das cuotas empresariais e seguridade social que lle correspondan. Para que este acordo resulte efectivo será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito declaracións sobre as retribucións que poida percibir con cargo os orzamentos doutras administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto da Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas estas circunstancias. Asemade, en virtude das súas declaracións sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos orzamentos doutras administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de incompatibilidades. Adoptarase previamente acordo plenario que puidera corresponder.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Alberto Blanco. Ten a palabra Dona Belén Louzao en representación do Partido Socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Gracias Sr. Alcalde. Ben, primeiro que... nada... lamentar o que acabamos de escoitar aquí se fala aquí, que se falan de retos cos integrantes desta Corporación cos cartos públicos, dende logo quen queira facer a porra que a faga con diñeiro do seu bolsillo e non en sede plenaria e cos cartos de todos, porque todo me parece un despropósito, me parece un despropósito tamén seguir falando de incrementar persoal a disposición do Concello, diñeiro a disposición do Concello, preto de 100.000 euros, cando se reducen as funcións, e, como xa dixen e volvo a insistir no mesmo, non é de recibo e non se sostén que se faga isto cando se baixan as funcións do Concello e se gastan 100.000 euros. Posiblemente nesta área, concretamente Servizos Sociais, 100.000 euros darían para axudar a moitas familias. Moitas gracias. O noso voto non pode ser favorable a este incremento. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Belén Louzao. Ten a palabra Dna. Mar Blanco en representación de MÓVETE.

**Sra. María del Mar Blanco** Bueno, nós estamos en contra desta proposta, entendemos que xa se viñan realizando estas funcións pola Concelleira con adicación parcial do 50% e non consideramos que sexa necesario incrementar un cuarto máis do tempo co correspondente incremento salarial que estaría en 10.000 euros, para nós o axeitado sería manter esa dedicación como estaba.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra Don Xosé Magariños en representación do bloque galego.

**Sr. Magariños Maceiras:** Probablemente sexa a única área que xustifica un incremento na dedicación e no custe dada as políticas que está levando a cabo o Partido Popular, que como siga así non vai a chegar, neste caso, unha Concelleira que se dedique a estas áreas, porque non lle vai a chegar o tempo como sigamos coas políticas que está aplicando o Partido Popular na Estrada e en Santiago ou en Madrid desde logo, e vai... leva avocado que a sociedade cada vez necesite, por desgracia, de maior servicios como é o de Benestar Social, non?. Vólvolle a reiterar os argumentos anteriores: se se quere un incremento do 25% de dedicación co coste asociado neste cargo reduzan os cargos, neste caso por exemplo o seu salario por dedicación exclusiva, senón non podemos seguir aumentando o porcentaxe dedicado a Orzamentos municipal a órganos de goberno e persoal de confianza; llo volvo a repetir e a ver se así lle entra por un oído e empezan a facer a xestión adecuada aos intereses do Concello da Estrada.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Don Xosé Magariños. Pois procedemos a votar este punto número oito de aprobación da proposición de Alcaldía de determinación de dedicación parcial o cargo de Terceiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación. Votos en contra? Partido Socialista, MÓVETE e BNG; Abstencións?, votos a favor?, apróbase por maioría.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación como dedicación parcial do cargo de Terceiro Tenente de Alcalde e delegación de facultades.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8), BNG (1) e MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como de dedicación parcial o cargo de Terceiro Tenente de Alcalde acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación.

**Segundo.-** O réxime de dedicación mínima será do 75% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible.

**Terceiro.-** Establécese a contía a percibir en 30.000 euros brutos anuais. O

Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

**Cuarto.-** Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptarase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

**9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE CONCELLEIRO ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE EVENTOS, MERCADOS E COORDINACIÓN DAS BRIGADAS DE MANTEMENTO DE OBRAS E SERVIZOS.**

**Sr. Alcalde:** O punto número nove é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación como dedicación parcial do cargo de Concelleiro acompañado de delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Eventos, Mercados e Coordinación das Brigadas de Mantemento de Obras e Servizos. Ten a palabra Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, a proposta sigue así: Determinar como dedicación parcial o cargo de Concelleiro acompañado de delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Eventos, Mercados e Coordinación das Brigadas de Mantemento de Obras e Servizos. O réxime de dedicación mínima será o de 50% do que constitúe a xornada habitual de un funcionario, trinta e sete horas semanais, trinta e sete horas e media. As correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible. Establécese a cuantía percibir en 29.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresariais e seguridade social que lle correspondan. E para que este acordo resulte efectivo será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito en declaracións sobre as retribucións que poida percibir con cargo os orzamentos doutras administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto da Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas estas circunstancias. Asemade, en virtude da súa declaración desas retribucións que poida percibir con cargo os orzamentos doutras administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de incompatibilidades. Adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Algunha intervención en relación a este asunto?. Ten a palabra Dona Belén Louzao en representación do Partido Socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, manter dedicacións duplicadas dende logo é un contrasentido total e absoluto, pagar a dúas persoas por facer a mesmas funcións non ten a máis mínima lóxica no Concello da Estrada, sobre todo cando ademais se acaba de crear una mesma dedicación a tempo completo coa mesma xustificación, por iso cremos que non se sostén manter esta dedicación, non podemos apoiála, é un

incremento máis de gasto para o Concello da Estrada e, polo tanto, cremos que se poden suprimir esta ou outras das dedicacións tales como dixemos na Mesa de Voceiros. Non se pode xustificar en ningún momento que diminuindo as funcións do Concello da Estrada porque se lle teñen cedido a Deputación de Pontevedra coa situación económica na que nos atopamos se vaian a destinar 100.000 euros a manter dedicacións duplicadas crear novas dedicacións con xustificacións que xa existían e, dende logo, para nada en absoluto vamos a apoiar esta sin sentido esta sin razón, por eso, unha vez máis, vamos a votar non a esta dedicación. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dona Belén Louzao. Ten a palabra Dona Mar Blanco en representación do grupo municipal MÓVETE.

**Sra. María del Mar Blanco:** Bueno, estamos en contra xa que consideramos que as funcións encomendadas a este área xa están asignadas a persoal do Concello e, polo tanto, non vemos necesario ter un Concelleiro para a dedicación parcial nestas tarefas.

**Sr. Alcalde:** Moitas gracias Mar Blanco. Ten a palabra Don Xosé Magariños en representación do Bloque Nacionalista Galego.

**Sr. Xosé Magariños:** É unha dedicación que non se xustifica, é a proba está de que non foi necesario..., dende logo non se lle notou a súa presenza na anterior lexislatura, esta dedicación exclusiva para o Mercado, e a proba está en que inaugurouse hoxe a Praza, realmente inaugurouse hoxe, poñan como se poñan. Coordinación da Brigada de Mantemento de Obras e Servizos?, a las pruebas me remito, no hai máis que dar un paseo por aí para ver o que hai.

O que si me gustaría saber... estos días, creo que foi antes de onte que falaba o señor Alcalde na radio de que ía encargarse un Concellal do que sería a xerencia da Fundación de Exposicións e Congresos, gustárame sabe se é... se vai a ser esta persoa ou non, pero bueno, o Concellal encargado de Eventos pois... o que vai a ter a competencia... o xerente a partir de agora da Fundación de Exposicións e Congresos.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Eu coméntolle esa pregunta encantado. Nós o próximo luns faremos unha proposta ao Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos para que o Concello..., intentando asumir un paso máis dun compromiso coa propia Fundación e o propio sector do moble, vamos a propoñer unha solución para a situación interina de falta de xerente na propia Fundación e que exista unha persoa que sexa, digamos, asumindo o Concello parte de ese custo, a totalidade dese custo, que sexa dalgunha maneira a forma de que teña validez a fórmula para que sexa o responsable de toma de decisións no que é o recinto feiral, no que é a Fundación de Exposicións e Congresos, das organizacións dos seus certámenes feirais, tendo en conta ademais que o persoal que ten a Fundación é exactamente o mesmo que tiña antes da dimisión da xerente da Fundación; polo tanto, temos o mesmo persoal, temos a mesma estrutura, o único que temos é unha falta de persoa que tome determinadas decisións, o dixeron por activa e por pasiva que ata o de agora, ata hoxe fun eu persoalmente o que asumín esa responsabilidade como membro de Padroado e Presidente executivo e, neste caso, pois creo que hai unha fórmula, creo que parece intuírse e que é bastante sencilla, pola que asumindo o Concello esa responsabilidade, non cargando ese custo á propia Fundación, como sinal de apoio á propia Fundación e ao propio sector, sexa o Concello, igual que fixeron no seu momento de incrementar a aportación por parte do Concello de doce a dezoito mil euros que fixo este goberno, igual que fixemos a xestión para aportar os cartos para a propia reforma das instalacións da Fundación no ano

pasado, pois fagamos un esforzo adicional e asumamos tamén o custo da responsabilidade da toma de decisións na Fundación de Exposicións e Congresos para darlle, evidentemente, unha viabilidade futura e unha consolidación de cara aos próximos... á organización dos eventos feirais non?; eu creo que é unha boa solución que, por suposto, propoñeremos o próximo luns ao Padroado da Fundación e será o propio Padroado o que eu creo que teña que ditaminar se é unha solución válida ou non, eu entendo que si, pero o luns terán noticias máis detalladas desta cuestión.

Non sei se hai algunha outra cuestión?. Pois senón procedemos á votación deste asunto, que é o punto número nove, que é a aprobación de proposición de Alcaldía de determinación como dedicación parcial do cargo de Concelleiro acompañado de delegación de facultades de dirección e xestión interna das áreas de Eventos, Mercados e coordinación das Brigadas de Mantemento de Obras e Servizos. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por maioría.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación como dedicación parcial do cargo de Concelleiro e delegación de facultades.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS** cos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8), BNG (1) e MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como de dedicación parcial o cargo de Concelleiro acompañado da delegación das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Eventos, Mercados e Coordinación das Brigadas de mantemento de obras e servizos

**Segundo.-** O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais se desenvolverán cun horario flexible.

**Terceiro.-** Establécese a contía a percibir en 20.000 euros brutos anuais. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

**Cuarto.-** Para que este Acordo resulte efectivo, será preciso que o suxeito en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas, resulta de aplicación a Lei 53/1984 de Incompatibilidades, adoptárase previamente o Acordo plenario que puidera corresponder.

**10°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE ASIGNACIÓNS PARA OS GRUPOS MUNICIPAIS CON REPRESENTACIÓN POLÍTICA.**

**Sr. Alcalde:** Pasamos ao punto número dez que é a aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía de determinación de indemnizacións para voceiros dos grupos municipais con representación política. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, este punto, tras a celebración de onte da xa mencionada reunión de portavoces, chegouse inicialmente a un acordo que non foi refrendado finalmente polos portavoces que, en principio, si apoiaban esta emenda que se vai a presentar en lugar deste punto. Trátase dunha modificación da presentación dunha emenda apoiada... firmada polo Partido Popular e o grupo municipal MÓVETE, polo cual en sitio da proposta inicial se presenta como indemnización.. perdón, subvención a partidos políticos con carácter mensual de 375 euros máis unha cantidade de 24,04 creo recordar, non o teño aquí diante, por Concelleiro ao mes. Así mesmo, acompañando este primeiro punto, se propón asignación para a asistencia a órganos colexiados, presidencia incluída (que ata de agora tiña un importe superior), que se establece una cantidade única de 72,12 euros por sesión e Concelleiro.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención? Ten a palabra Dona Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Estamos nunha proposta que se debateu fondamente na Mesa de Portavoces dende un inicio dunha idea do Partido Popular de achegar unha serie de diñeiro aos portavoces ata as peticións finais realizadas polos outros partidos de asignación mensual a grupos. Dende este grupo, dende o Partido Socialista, manifestamos en todo momento, igual que fixemos nos puntos anteriores que afectaban ao grupo de goberno, que non era momento de facer dispendios en materia económica para os órganos de goberno. Manifestamos en todo momento que os portavoces nunca cobrarán e sempre fixeran as súas funcións, e manifestamos tamén en todo momento que si se entendeu no seu día que se había que facer recortes e austeridade pedíndolles aos veciños facer un esforzo na subida de impostos, dende logo non parece coherente esta subida que se propón, subida que se propón en colación con todas as anteriores e que ven a sumar a cantidade da que falamos, por iso cando nos sentamos e votamos contas vemos e saen as cifras das que falamos nos puntos anteriores, 100.000 euros de incremento para órganos de goberno, 100.000 euros que a Corporación municipal da Estrada pois despois de haber subido os impostos seguramente se pode permitir, pero que no momento económico que nos atopamos non parece de recibo adicalo ao que se propón, a subidas de concelleiros, a subidas de dedicacións exclusivas ou subidas de dedicacións parciais. Por iso nós compartimos, igual que se fixo no seu día, que os grupos políticos que sacan representación necesitan unha asignación, esa asignación está garantida por lei e hai que, dende logo, facer todo o posible para que os grupos poidan facer a súa dedicación, poidan facer o seu traballo e a súa labor con todo o respecto do mundo e facilitándolles locais dignos, pero, dende logo, entendemos que este non é o momento de facelo, este non é o momento, xa non solo fisicamente porque existe unha organización da nova Corporación que está sometida a un presuposto anterior que se debe respectar, porque se fixo, se dixo no seu día por parte do grupo de goberno ( que hoxe repite como goberno) que se fixo axustado a realidade e que non podían modificar e cambiar máis, que xa estaba axustado. Ben, entendemos que estas propostas, estos 100.000 euros que se queren hoxe nesta sesión trasladar a órganos de goberno irían mellor



invertidos noutras moitas cousas; por iso, e afecta tamén, como non, ao grupo municipal socialista, hoxe non vamos a apoiar esta emenda que se plantexa, non o vamos a facer por ese motivo. No momento en que a situación das familias estradenses cambie, no momento en que a situación do Concello da Estrada varie, estaremos encantados de volver a sentarnos á mesa e de atender as peticións que pedía o BNG de 400 euros ao mes ou os 500 euros ao mes que pedía MÓVETE, ou compartir a proposta do grupo de goberno de dar asignación económica mensual aos grupos, pero como dicimos este non é o momento, non o podemos facer, porque si vostedes sumaron todo o que se pretendía, sumaron todas as modificacións que se pretendían facer, dende logo nos parece excesivo para este momento a para esta situación, por eso como digo non vamos a apoiar, non vamos a compartir esta subida de asignación aos grupos. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Belén Louzao. Ten a palabra Dna. Mar Blanco en representación de MÓVETE.

**Sra. María del Mar Blanco:** Bueno, eu quero recordar que en cumprimento do establecido no artigo 27, 28 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, que regulan os recursos dos que poden dispoñer os grupos políticos para poder desempeñar o seu traballo en aras de facilitar a actividade da oposición, consideramos necesario que se nos conceda un local a disposición de MÓVETE para poder levar a cabo tanto xuntanzas da organización como encontros cos veciños, se o goberno non dispón deste local a disposición da nosa organización está na obriga de facilitar unha compensación económica que nos permita dispoñer dun, que é este o caso. O pasado 24 de maio cerca de 1.000 estradenses confiaron en MÓVETE e elixíronme como a súa representante para defender os intereses xerais e o ben común dentro desta corporación, polo tanto todos os concelleiros desta corporación ven sexan do goberno, ven sexan da oposición, temos as mesmas obrigas e os mesmos compromisos con todos os estradenses para realizar un traballo a prol do noso concello, de aí que todos os grupos políticos debemos ter garantizados os medios mínimos que nos permita realizar a nosa tarefa. Consideramos que é imprescindible nun sistema democrático apoiar aos partidos políticos con representación institucional dun xeito transparente e igualitario para que estén ao servizo e representen os intereses dos cidadáns e das institucións, así como apoiar aos concelleiros de cara a organización e desempeño do seu traballo. Non entendemos como hai grupos políticos na oposición desta corporación que poden estar en contra destas axudas para o desempeño da súa labor, tendo en conta que na gran maioría dos concellos do país están establecidas, tanto para o goberno como para a oposición, axudas suficientes para partidos políticos e asignacións para concelleiros; doutro xeito o que leva que só se poda dedicar a política persoas con ingresos fixos e suficientes e con dispoñibilidade horaria, con esto quero dicir que temos a obriga de facilitar que o desempeño dunha representación pública sexa posible para calquera persoa independentemente das súas circunstancias económicas. Na nosa corta traxectoria como organización política todas as nosas actividades foron financiadas cos nosos cartos, como así reflexa o noso estado de contas, nós non queremos empresas que nos financien, nin somos filiales de ningún partido político; preguntámonos como pode ser que outras opcións políticas non apoiem estas axudas e ser quenés de financiar as súas actividades diarias e de campaña.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Mar Blanco, moitas grazas pola súa intervención. Ten a palabra Don Xosé Magariños en representación do Bloque Nacionalista Galego.

**Sr. Xosé Magariños:** A min, dende longo, non me estraña que cada vez a sociedade teña máis desafección hacia ás organizacións políticas, sobre todo hacia certas organizacións políticas. Eu non dou crédito ao que vamos a tratar hoxe aquí non?. Onte se chega a un acordo, por suposto que non era o acordo do BNG, porque quero lembrarlle á portavoz do grupo socialista que a proposta do BNG era que se lle dera absolutamente a mesma cantidade a todas as organizacións políticas para o seu funcionamento, porque os gastos de manter un local, do teléfono, son exactamente iguais para as catro forzas que aquí estamos e o gran problema era que había que facer a diferenciación pola representatividade, esa xa está no número de concellais e no que cobran os concellais por asistir a Plenos e Comisións. Non é que a proposta do BNG fora 400 euros, a proposta era que todas as organizacións que están aquí cobrarán exactamente a mesma cantidade, loxicamente estaba moi lonxe doutras propostas como 500 euros, pero bueno, alí se chegou a un consenso, o BNG estivo disposto a que se tivera en conta a representatividade, co cual algunha forza política pasara a cobrar moito máis da proposta que facían outras forzas, por exemplo de 500 euros, aquí había unha forza que pasaba a cobrar 576 tendo en conta esa representatividade, loxicamente o grupo de goberno cobraba moito máis, cousa que volvo a repetir que non entendemos, e o BNG defendeu o que sempre defendeu, que hai que garantir o que marca a lei, que o Concello ten que garantir que todos os grupos políticos, todos os grupos municipais teñen que ter un local onde atender aos veciños, porque ao fin e acabo estamos a dar un servizo aos veciños e veciñas da Estrada, non se cumpre porque, loxicamente, cos 96 euros de asignación mensual que ten o BNG non paga o teléfono, eu creo que todos estamos de acordo. Pero bueno, creo que a política está para chegar a acordos, para chegar a facer negociacións e cumprir o pactado, e cumprir o pactado, me parece de recibo que se chegue hoxe e que se nos diga... bueno, e a parte utilizando a demagogia de los 100.000 euros porque vamos a dedicalos ao ben común; se queren o ben común renuncien á súa dedicación dos que teñen e cobren exactamente os 96 euros que cobra MÓVETE ou BNG coa actual situación e xa está, eso sería coherente. Eu o que propoño é que se deixa enriba da mesa para o ano, cando tratemos o tema dos Orzamentos, se fale deste tema. O que si pido é sensatez, sensatez!, demos un exemplo de que facemos política e non de que utilizamos esto para tirarnos os trastos, porque hai que recoñecer que o dardo envenenado que fixo o goberno lle saleu increíble, lle saleu increíble!, hai que recoñecer que lle saleu mou ben, porque estámonos tirando os trastos a oposición en vez de estarllos tirando ao goberno non?. Pero bueno, como está claro que ao mellor o BNG ten un concepto da política de honestidad de cumprir palabras, de chegar a acordos e cumprilos e parece que non é o que se leva ou o que está de moda neste Concello, pois ao mellor está equivocado o BNG e especialmente o seu portavoz.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Ten a palabra D. Alberto Blanco en representación do Partido Popular.

**Sr. Alberto Blanco:** Nada, simplemente para manifestar a miña opinión do ocorrido onte. Hoxe escoito á voceira do Partido Socialista que empeza falando de que os incrementos son de 70.000, a seguinte intervención 80.000, 90.000, 100.000..., esto xa non me estraña visto o que pasou onte, que da unha palabra, chega a un acordo e, sorprendentemente, se cae ese acordo. Os acordos son para cumprir na vida política, como di o Sr. Magariños en todos os ámbitos da vida, cando se da unha palabra. Esta proposta loxicamente trae unhas matizacións que se tomaron a última hora por proposta do Partido Socialista e finalmente, cando se toma ese acordo con todas as matizacións quen foi quen poñía máis trabas, finalmente se

descolga dela. Ben, a proposta do Partido Popular, do grupo de goberno, é no sentido en que falaba tanto MÓVETE como BNG, en apoio de mellorar a autosuficiencia dos partidos da oposición e cumplan con máis folgura o que é a súa obrigación e os seus dereitos.

**Sr. Alcalde:** Moi ben D. Alberto. Eu simplemente matizar o que dicía o Sr. Magariños. É certo que onte na Xunta de Voceiros (á que eu asistín tamén) se achegou a un acordo no que o Partido Popular pus enriba da mesa unha iniciativa co único compromiso de chegar a un acordo das catro forzas políticas, foi o único compromiso que marcou o Partido Popular, creo que fomos xenerosos e intentamos chegar a un acordo que permitise cumprir a expectativas de todas as forzas políticas, nós queremos que, evidentemente, que todas as forzas políticas da oposición fagan o seu traballo. Eu creo, Sr. Magariños, que é ridículo, porque está claro que cando deturpamos as cifras como se está facendo aquí, empezando por un custo de 70 e acabando por 100, e dentro dun rato será 150.000 os gastos que supón este goberno e, desde logo, entramos nesa dinámica eu creo que... pouco edificante na vida política, creo que hai que ser rigurosos e realistas. Eu creo que 100 euros ao mes para o grupo político evidentemente non dan as condicións mínimas para facer o seu traballo con dignidade, sobre todo cando o Concello non ten instalacións. O que temos que ver é o punto de partida, de onde parten, se estamos falando de incrementos, demagoxicamente podía dicir aquí que para o Partido Nacionalista Galego e para MÓVETE o incremento vai a ser dun 400% e mañá sería o titular na prensa que os partidos políticos pactan un incremento do 400% na retribución dos partidos políticos da oposición, e fíxense vostedes a insensatez absoluta cando estamos falando que o Bloque Nacionalista Galego se mantivo no mandato pasado con 100 euros de aportación mensual por parte do Concello da Estrada para os seus gastos políticos, igual que sería neste caso para MÓVETE. A mín... creo que a nós non nos parece razoable esa cuestión e por eso puxemos encima da mesa un debate no que única condición que puxo o Partido Popular é chegar a un acordo entre as catro forzas políticas. Saímos ás 10 da noite cun acordo pechado entre as catro forzas e houbo un partido que se desmarcou dese acordo, pero eu digo, e o digo aquí agora mesmo, que evidentemente se hai... se seguimos mantendo ese acordo por parte das tres forzas políticas, o Partido Popular está en condicións de apoiar a proposta que naceu das iniciativas que partiron dos grupos políticos da oposición, e, polo tanto, nós estamos en condición de asumir esa decisión e apoiar ese acordo aínda que algún pretenda desmarcarse a última hora.

Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Nin nos desmarcamos a última hora, nin nos desmarcamos a primeira, estamos que dicindo que non o compartimos e que non o vamos a apoiar, tómeno vostedes como queiran, pero, dende logo, se hai quen non o entende o volvemos a repetir, 63.000 euros que se suben en dedicacións do grupo de goberno, máis de 20.000 que se van a subir nos cargos de confianza, a proposta que se quere facer de subir as dedicacións aos grupos e o que supón da proposta de subida tamén das asistencias, si vostedes suman saen os 100.000 euros, se non fáganno vostedes ou non se preocupen, que algún maestro lles axudará a facer esa conta. Pero desde logo a Lei efectivamente nos garantiza e nós dixemos que no momento que sexa pertinente facelo estaremos encantados de apoiar que os grupos poidan contar con máis suficiencia, pero dende logo non é o momento e os invito novamente á sensatez que pedía algún membro da oposición, que a pense para isto, que a pense porque, dende logo, cumprir o pactado tamén é a veces analizar o que é mellor para os veciños e veciñas, e non se pode predicar unha cousa nos mítines e nos actos e despois vir aquí a facer outra. Cando sexa o momento

estaremos aí e apoiaremos o que sexa pertinente. Si vostede Magariños quere dicir algo, non se corte que lle deixo a palabra e a volvo a pedir despois, non hai ningún problema, porque vostede debe saber, dende logo, que ese diñeiro que se está pedindo que se move ten que saír dalgún sitio e as fabas están contadas, os Orzamentos son o que son, para adicalos a unha cousa hai que quitálos doutra, e ocórreselle a vostede seguramente moitas cousas ao que poder dedicalo.

Miren, saben vostedes perfectamente que o outro día asistín con miña nai a unha cita ao hospital e curiosamente sentados na bancada de atrás había un señor da Estrada e que lle contaba a outro señor que non coñecía, ou daba a sensación que non o coñecía, "e na Estrada que pasou?", e el dicía: "na Estrada non se cambiou, seguen os mesmos, a mín non me gustaban pero seguen os mesmos, o único que cambiou é outra cousa, hai outro partido novo e son catro a chupar"; dende logo non lle demos a razón a este veciño Sr. Magariños, se vostede move a cabeza é responsabilidade súa.

Dende logo este partido non o vai a apoiar nestes momentos e nestas condicións. E antes se dicía para o grupo de goberno, sexamos coherentes e apliquémolo a nós tamén. Se algún dudaba de como nos financiábase os outros grupos, dende logo aquí nestas filas, nestas bancadas tamén hai desempregados, nestas bancadas tamén hai contratados parciais e nestas bancadas o que hai é apoio a través de cotas de militantes; aquí alguén pretendía fachendear dicindo que se pagaban eles mesmos as campañas, pois eso se leva facendo toda a vida a través de cotas de militantes. Por eso dicimos unha vez máis, e se nos quedamos solos, pois nos quedaremos, teñen vostedes peso suficiente para sacalo adiante, non vamos a apoiar isto, sexan vostedes sensatos, apliquen esa sensatez ao que están a pedir, sumen para as arcas municipais e pidan a este goberno que adiquen esos cartos a outro tipo de necesidades dos veciños e veciñas. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Belén Louzao. Os pactos dos partidos socialistas coas Mareas estanos mareando un pouco, pois xa non saben moi ben se son vostedes as Mareas o son un partido socialista, porque fáltalle vir en bicicleta aos Plenos a vostede para facer cargo das modas que están impoñendo estes señores das Mareas. Nós, por suposto, non somos Marea, somos o Partido Popular e eu creo que hai que ser riguroso, isto de... o exemplo do compañeiro do señor do Centro de Saúde... permítame... é bastante pouco afortunado. Eu creo que estamos falando con personas razonables, serias, e temos que dignificar a política. Eu creo que, partindo por nós, creo que temos que facer... poñer en valor o traballo que se fai aquí e, ao mellor, se considera vostede e se sente vostede identificada con esos chupóteros, eu, en ningún caso, me sentiría aludido porque o traballo que fago eu e o traballo que fai o meu equipo de goberno e os traballos que fan os Concelleiros desta Corporación, eu dou fe deles e podo certificar que traballan e interés dos veciños; ao mellor vostede sente ese trauma e se sente identificada con esa apreciación dese veciño, eu, dende logo, nin me sentiría aludido, nin identificado e nin, por suposto, lle daría ningún tipo de credibilidade e nin siquera o elevaría á categoría de debate plenario, o teño clarísimo.

Ten a palabra Dna. Mar Blanco.

**Dna. María del Mar Blanco:** Eu creo que quedou bastante claro a proposta de MÓVETE, creo que dunha maneira bastante sensata e non teño nada máis que contribuír a este circo que acaba de començar. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Mar Blanco. Ten a palabra D. Xosé Magariños en representación do Bloque Nacionalista Galego.

**Sr. Xosé Magariños:** A miña proposta de deixar este punto enriba da mesa para tratalo no debate dos Orzamentos do ano que ven, haber si o frío do inverno pois debatimos doutra maneira, porque parece que con esta temperatura que parece que nos está afectando a todos. Volvo a reiterar que se deixe sobre a mesa para cando se debatan os Orzamentos do ano 2016 e tratar este tema.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois bueno, eu creo hai que deixar constancia que é importante destacar... parece que se quere mezclar aquí moitas cifras sobre o coste das decisións que se van a tomar, haber si nos van a repercutir agora os incrementos das asistencias que van a levar os concelleiros do Partido Socialista como gastos do goberno, porque xa fixo vostede unha aseveración que son 100.000 euros de gasto no goberno e quérolle recordar que unha parte desos 100.000 euros o van a recibir vostedes como Concelleiros socialistas por asistencias aos órganos colexiados, haber si vai a parecer que as decisións que se toman aquí, única e exclusivamente afectan ao goberno ou son un coste para os cidadáns cando as cobra o Partido Popular, vostedes tamén, por suposto, van a ser partícipes do incremento dese coste e o van a cobrar seguramente sen protestar cando o ingresen nas súas contas bancarias, así que polo menos rigor, eu creo que nós estamos dispostos a asumir este tema, eu creo que aquí todo o mundo se retractou, pola miña parte e, creo que pola parte deste goberno, nós estamos en condicións de manter... cumprir coa palabra dada e manter o compromiso adquirido ante coas mesmas condicións de agora, de fai 5 minutos na intervención da portavozeira do grupo socialista, as mesmas que das dez da noite, as mesmas, non creo houbera seguramente ningún parado máis e ningunha situación extraordinaria, nin de familias en risco de exclusión sociais máis dende onte ás 10 da noite que hoxe ás nove da noite, cando votamos este tema e cando o Partido Socialista deu apoio a esta proposta. Así que nós intentamos ser un partido de palabra e cremos, fundamentalmente, nesta decisión, xa digo, non beneficia en absoluto ao Partido Popular, en absoluto, a quen máis beneficia ou sale son os partidos da oposición e, polo tanto, nós queremos garantir o traballo e a dignificación dese traballo por parte dos Concelleiros, seguramente non na medida que lle correspondería, imposible, porque estamos falando de cantidades que, evidentemente, non cubren as condicións mínimas, as necesidades mínimas dos partidos, pero si creo que é aportación suficiente para intentar camiñar nesa dirección. Estamos falando de incrementar 100 euros ao mes. Hai que poñer tamén en situación o que cobra cada partido, está claro que o Partido Popular pouco incremento lle vai a supoñer, pero si es certo que aos partidos minoritarios lle vai a supoñer un incremento e nós queremos fomentar a participación das forzas políticas na vida pública, polo tanto tamén o traballo dos Concelleiros que representan esas forzas políticas.

Así que sometemos a votación este punto número dez, da proposición da Alcaldía de determinación de indemnizacións para voceiros dos grupos municipais ca emenda que incorpora a Xunta de Voceiros de incrementar as aportacións dos grupos políticos a 375 euros fixos en vez de 72 euros que se cobraban por grupo político, manter os 24,04 por representatividade con Concelleiros e incrementar tamén, ou pasar, ou fixar as aportacións, rebaixando (outra cesión que fai o grupo de goberno municipal) as presidencias se cobraban das Comisións, se cobraban a maiores do que cobra calquer Concelleiro nunha Comisión, renunciámos a ese incremento das presidencias en favor do incremento para todos os Concelleiros que forman parte das Comisións Informativas; outra cesión que fai o goberno e estamos pola labor de renunciar a esa diferenza das presidencias que lle corresponden cobrar ao Partido Popular en beneficio dos demais grupos políticos da oposición e fixalas en 72

euros/asistencia a calquer tipo de órgano (Comisión Informativa, Pleno ou órgano colexiado). Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase polos votos a favor de MÓVETE e Partido Popular e votos en contra do Partido Nacionalista Galego e Partido Socialista.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación de indemnizacións para os voceiros dos grupos municipais con representación política.

Procédese á votación da EMENDA á proposta da Xunta de Portavoces que obraba no expediente, sendo aprobada polos votos a favor do PP (11) e MÓVETE (1), e en contra do PSdeG-PSOE (8) e BNG (1) . A emenda refírese á contía da asignación mensual aos grupos político e á contía por asistencia aos órganos colexiados e, por conseguinte, corríxese a denominación deste punto na Orde do Día, pasando a denominarse “aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación de asignacións para os grupos municipais con representación política”.

Por último, e despois de introducida a emenda mencionada, adoptouse polos votos a favor do PP (11) e MÓVETE (1), e en contra do PSdeG-PSOE (8) e BNG (1) , o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Vista a Xunta de Voceiros celebrada na data 17 de xuño de 2015, e chegado a acordo cos grupos políticos sobre a súa modificación.

Visto o establecido no ROF, no artigo 97.5, que regula a posibilidade de plantexar emendas proponendo a modificación dunha proposta mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Modificar a redacción do título do punto 10º da Orde do Día, que pasará a denominarse “aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación de asignacións para os grupos municipais con representación política”.

**Segundo.-** Aprobar a asignación aos grupos políticos de 375,00 euros mensuais fixos máis a cantidade de 24,04 euros/mes por Concelleiro.

**Terceiro.-** Aprobar a asignación por asistencia aos órganos colexiados, presidencias incluídas, de 72,12 € por sesión e Concelleiro.

**11º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO.**

**Sr. Alcalde:** O punto número once é a aprobación, se procede, da Proposición da Alcaldía de determinación do persoal eventual do Concello. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben. Proposta da Alcaldía, vista a normativa aplicable, propónse que sendo as funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, determinar o seguinte persoal eventual do Concello: Primeiro, Director de Réxime Interno. A súa

dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 40.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan. Dous, Xefe de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 euros, divididos en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan. Secretaría de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 18.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

Realizarase a tramitación que corresponda para adaptar o Cadro de Persoal ou calquera outra disposición municipal ao establecido neste Acordo. Mais, en todo caso, o presente Acordo será eficaz dende a mesma data en que se dite.

**Sr. Alcalde:** Moi ben D. Alberto Blanco. Algunha intervención? Ten a palabra Dna. Belén Louzao, en representación do Partido Socialista.

**Sra. Belén Louzao:** Gracias Sr. Alcalde. Dende logo un máis dos despropósitos que se pretenden levar adiante nesta sesión. Estamos falando dunha persoa a través dun posto de confianza, incrementouse o seu salario ata os 40.000 euros, 40.000 euros dende 24.000, unha persoa que no seu posto de traballo habitual dende logo que non percibía esta cantidade; unha persoa que fai que os postos de confianza do Concello pase a costarnos a todos os cidadáns 80.000 euros, 80.000 euros por facer que? Esta persoa ten asignadas as mesmas funcións que un Concelleiro con dedicación ou, polo menos, o que se di entre ás súas funcións de Director de Persoal, pero acaso esta persoa vai a ser en si un comisario político?, un Concelleiro electo dende logo non o é, unha persoa que faga traballo administrativo no Concello non o é, entón cal é a función desta persoa que xustifique un incremento desta natureza?, 16.000 euros con respecto a fai 4 días que estaba a desempeñar as mesmas funcións por 24.000 euros e lle damos agora 40.000, ao mesmo que se lle pretende dar ao Tenente de Alcalde Primeiro xustificando un montón de tarefas e un montón de áreas de traballo, e, como dicíamos, esta persoa se lle pasa a 40.000 euros cando as funcións están, como dicíamos, repetidas con outra persoa, con outro Concelleiro que ten dedicación parcial. Por iso non o vamos a apoiar, evidentemente claro que non, pero tamén vamos a preguntar e volvemos a facer a mesma suma, si queren vostedes sumen polos dedos, todos os incrementos que se fan porque non se adican a solucionar problemas de persoal deste Concello, porque non se adican a esa RPT que quedou frustrada unha vez máis. É máis, xa contabilizaron vostedes o que lle vai a supoñer ao Concello o incremento recoñecido por sentenza aos traballadores municipais?, se non hai cartos para facer e solucionar o tema da RPT dende logo como os vai a haber para sumarlle á persoa que se adica e realiza funcións de persoal neste Concello?, ata 40.000 euros nesta lexislatura. Dende logo non o podemos compartir e cremos que é un absoluto despropósito e vamos a votar en contra, porque todo isto fai que volvamos ao de antes, que non sei quen é o que confunde aquí, quen é o que pensa que porque pasaran dous días, porque as eleccións tiveran sido, se poida facer estos dispendios dende o Concello da Estrada; os veciños e veciñas dende logo non nos votaron para facer isto. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Dna. Belén Louzao. Seguramente os votaron fai oito anos para poñer un sueldo de 75.000 euros a un Alcalde, seguramente era o concepto que vostede tiña... o concepto que tiña vostede da política era esa proposta que non lle apoiou o seu socio

de goberno...

**Sra. Belén Louzao:** Siga mentindo vostede si quere Sr. Alcalde, unha e outra vez, por mentir máis non se converte en verdade.

**Sr. Alcalde:** Non, as actas están aí, cando queira doulle copia das actas, por suposto que as temos, onde o Sr. Dono se poñía un sueldo de 78.000 euros, ao final tuvo que pedir 68.000, non llo apoiaron tampouco o Bloque Nacionalista Galego, ao final conségueo que un partido que non entrou no goberno con eles (que foi Cidadáns de Galicia) apoiara un sueldo de 60.000 euros para o Alcalde naquel momento. Así que esta é a política que seguramente..., eu entendo que na roda de prensa que farán mañán... eu reto ao Sr. Dono que estea alí tamén na roda de prensa porque o poderemos poñer colorado cando salga dicindo e falando dos soldos e das dedicacións exclusivas que ten este goberno, seguramente nos dea unha arma estupenda cando salga nesos "viernes negros" que fan vostedes para poñelo, unha vez máis, colorado e retratalo ante a realidade e a historia das súas decisións non? Así que o que non se pode, dende logo, e vir con esa carga de demagogia e tapar... porque, como dicía o Sr. Magariños e o Sr. Blanco, todos temos pasado.

Ten a palabra Dna. Mar Blanco.

**Sra. María del Mar Blanco:** Bueno, dende MÓVETE aspiramos a que chegue o momento no que os partidos políticos entendan que o persoal de confianza ten que ser o funcionario público no exercicio das súas funcións e que deixe de ser habitual o feito de que cada goberno que entre o faga co persoal de confianza no bolsillo. Non consideramos necesario ese persoal de confianza, son os funcionarios públicos os que, en exercicio das súas funcións, teñen que realizar estas tarefas que habitualmente, como veño dicindo, se encomendan ao persoal de confianza. Dito isto e tendo en conta que os partidos políticos tradicionais teñen moi interiorizada esta práctica, poderíamos asumir que se mantiveran as retribucións da lexislatura anterior, pero en ningún caso vemos xustificado este incremento como xa mantiven anteriormente no contexto de precariedade económica no que nos atopamos.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Decírlle que, seguramente non o coñeza vostede, a persoa que desempeña ese cargo de confianza deixou de desempeñar... é funcionario desta casa, polo tanto deixou de cobrar o salario en relación a ese tema. Antes, no goberno anterior había tres cargos de confianza e tres persoas alleas ao Concello que supoñían un gasto municipal; aquí durante moito tempo esa praza non estivo cuberta e ese personal, ese funcionario deixou de cobrar o seu soldo para cobrar un cargo de confianza, co cal durante todo ese tempo o custo para o Concello foi cero, cero, non foi un custo a maiores derivado da contratación de novo persoal como se facía anteriormente, eu creo que ese detalle é importante e non conta.

Sr. Magariños, ten vostede a palabra.

**Sr. Xosé Magariños:** Está deixando en moi, moi, moi mal lugar á persoa funcionaria deste Concello que desempeñaba unha función antes de ser persoal de confianza, porque nos está dicindo que o traballo que estaba facendo como funcionario deste Concello o deixou de facer para pasar a ser persoal de confianza e non hai nadie ocupado dese lugar, quere dicir que esa praza sobraba, esa praza sobraba ou esa persoa non facía o seu traballo, cousa que non creo, eu creo que si facía o seu traballo. Volvo a repetir, deixemos de facer demagogia en política. Si tivo un coste para o Concello, porque deixa de facer as súas funcións, alguén tivo que pasar a facer esas funcións e hai que contratalo para facelas, as cousas como son. É un cargo que non consideramos que sexa necesario (esta persoa de confianza) e, en



todo caso, vólvolle a reiterar os argumentos que levo reiterado toda esta noite, si quere máis persoal de confianza reduza o seu salario ou reduza o número de Concelleiros con dedicación exclusiva, non se pode tocar o porcentaxe dos Orzamentos dedicado a órganos de goberno e cargos de confianza, e aquí estamos cun incremento importante.

**Sr. Alcalde:** Sr. Magariños, non vamos a discutir eso, porque si unha persoa deixa de facer as súas funcións pode seguir facendo parte desas funcións e ter outro posto aínda que se de confianza, evidentemente, e fa da responsabilidade que tiña máis maior da responsabilidade que si estivera realizando esa función, creo que eso en sencillo de entender, creo que non lle teño que explicar a vostede porque creo que é bastante sencillo, igual que se a vostede lle dan unha comisión de servicios para desempeñar unha función superior á da súa categoría e darlle máis responsabilidades; creo que é razoable e vostede que é unha persoa de administración o sabe perfectamente que eso é así, é unha cuestión moi similar, e, sobre todo, si esa plaza non se ocupa, evidentemente ese soldo non é un soldo, non é un gasto dobre, é un gasto único que se deriva, desde logo, dunha persoa que en vez de estar nese posto, deixa vacante ese posto para ocupar outro, creo que é sencillo, non creo que o tema revista tanta complicación.

En relación ao tema do incremento, non existe incremento no número de persoal de confianza e teño que dicirlle que este goberno fai catro anos, con respecto ao goberno donde o seu partido político formou tándem co partido socialista, rebaixou, por poñerlle un exemplo, o soldo do Alcalde máis dun 30%, fai máis de catro anos, de 60.000 euros a 42.000 euros, rebaixou os costes da dedicación exclusiva da súa compañeira Dna. Raquel López, que cobraba 34.000 euros ao ano, o rebaixou a 20.000, persoas que estaban ademais traballando bastante máis tempo e máis horas do que era a miña dedicación, supoño que vostede eso non o apoiará; e baixo a dedicación da Concelleira de Urbanismo de 29.000 euros de Dna. Irene Aguiar a menos de... a 20.000 euros tamén, non?. Así que si vamos a falar de demagogia eu creo que deberíamos de saber do punto de partida de onde vimos e creo que este goberno fixo un esforzo importante cando había que facelo e creo que no ano 2011 se fixo un esforzo extraordinario e agora partimos dunha situación de mínimos, se vostedes queren seguir levando esa situación a mínimos históricos pois se quere comparamos a situación do Concello da Estrada coa situación de Concellos cunha categoría similar ao noso. Aquí vemos o custo das dedicacións e do persoal de confianza, que xa lle digo, a lei permitiría para un Concello da categoría da Estrada a ter 10 dedicacións exclusivas e nós temos dúas dedicacións, non fala de dedicacións parciais, dúas dedicacións exclusivas temos e, evidentemente, non hai límite para as dedicacións parciais e poderíamos ter ata sete cargos de confianza e temos tres. Evidentemente non sería razoable chegar a esos límites, hai Concellos que están bastante máis próximos que nós a esos límites, pero entendemos que para prestar un servizo adecuado e digo ademais, tendo en conta a situación precaria que temos en relación ao persoal e coa imposibilidade da contratación de persoal, lle digo que moitas veces o persoal de confianza do Concello fai funcións administrativas dentro do propio Concello suplindo postos que non están cubertos o cubrindo postos vacantes, como pode ser na Biblioteca municipal polas tardes ou noutros espazos públicos nos que temos que dar servizo aos nosos veciños, e o facer co propio persoal que está destinado á Alcaldía e se dedica a facer funcións en beneficio, desde logo, deste Concello e non en beneficio exclusivamente a nivela da Alcaldía non?. Así que creo que, e me consta que vostede o sabe, é razoable nesa cuestión, pero bueno, evidentemente entran outras cuestións de incongruencia que, dende logo, non vamos a valorar.

Algúnha outra cuestión?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, trasladamos da súa parte, non se preocupen, ao Sr. Dono que o vota vostede de menos porque non fai máis que referirse a el. Dende logo é unha mágoa que vostede siga obsesionado con ese tema porque as cifras están aí e o seu goberno que hoxe está propoñendo, incrementa gastos daquel goberno que vostede criticaba e chamaba caro no seu día, o mesmo que está vostede subindo con respecto ao que costaba o persoal de confianza daquel goberno, pero non, entón non veña vostede hoxe aquí falando de que se rebaixaron, se reduciron, de que van..., vostedes están incrementando ese gasto, o gasto en persoal de confianza e o gasto de dedicacións con respecto a aquel goberno que vostede criticaba e dicía que estaba saíndo moi caro a todos os estradenses; e vostede se preocupa de ordenar a casa aos de fóra, ordene a súa Sr. López, ordene vostede a súa a todos os niveles, de grupo e como corporación, porque volve a vostede unha vez máis a faiar a súa palabra, dicía vostede que se puxo como deberes para esta lexislatura non crear nin abrir debates novos e o está facendo vostedes, e está facendo vostede, unha vez máis, a cada unha das intervencións destes voceiros. Pero si vostede quere, falamos de todo o que queira, estamos aquí o tempo que faga falta, non hai ningún problema, xa baixou o sol, xa non temos ningún problema. Pero, como dicíamos, minte vostede unha vez máis como seguía mentindo, este goberno incrementa, con respecto ao anterior, incrementa máis con respecto a cargos de confianza e con respecto a gastos de dedicacións.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sra. Louzao, claro que voto de menos ao Sr. Dono, porque se eu me houbera presentado non houbera enganado aos veciños tomando posesión da miña acta como Concelleiro, creo que eso foi un fraude en toda regra e ten que entender que eu me encargue de facelo público porque así debe de ser non?. Cando alguén menosprecia aos seus votante e cando alguén se ríe dunha vontade popular....

**Sra. Belén Louzao:** Me pode dicir Sra. Secretraria que estamos a debater agora mesmo? Cal é o punto da Orde do Día que estamos a debater con este debate que está abrindo o Alcalde de xeito paralelo e que vostede e que non está vostede a dirixir?.

**Sr. Alcalde:** Non se poña nerviosa... Sra. Louzao....

**Sra. Belén Louzao:** Está a abrir debate novo e eso non llo permite a lei Sr. Alcalde, non llo permite a lei.

**Sr. Alcalde:** Non se poña nerviosa Sr. Louzao, so lle digo que cando un lle falta o respecto aos seus veciños e solo se presenta para gañar, eu tamén solo me presento para gobernar e si perdo marchos e eso, desde logo, deixa ben ás claras que clase de persoas ou que clase de partido representan vostedes non? Eu creo que ás duras e ás maduras hai que asumir a responsabilidade e o sitio que nos toca... que nos mandan e nos elixen os veciños e, polo tanto, neste caso eu creo que é unha cobardía política non tomar posesión, non querer estar na oposición porque non lle cadran os horarios, de feito se o houbera sabido seguramente que houberamos cambiado o horario de verán para as nove e media ao mellor houbera tomado posesión da súa acta porque non lle permitiría perder esa hora de traballo que lle impedía asistir aos Plenos con normalidade e que motivou a súa non toma de posesión como Concelleiro, pero bueno, seguramente chegou tarde esa proposta e doutra forma estou seguro que non se houbera ido e houbera aguantado, como lle correspondería, catro anos na oposición, que é o que lle tocaba.

Ten a palabra Dna. Mar Blanco.

**Sra. María del Mar Blanco:** Non teño nada que aportar.

**Sr. Alcalde:** D. Xosé Magariños?, ten vostede a palabra.

**Sr. Xosé Magariños:** Recoñézolle que hai Concellos do noso entorno que teñen asesores, o Alcalde de Teo, o mesmo deputados que teñen asesores, si, si, eso recoñézolle, pero eso é dunha auténtica sinvergüencería comparar o salario dunha persoa que tiña dedicación do 100% con persoas que teñen o 50%, en todo caso comparémolo co que ten a dedicación do 100%, 40.000, que, por certo, a Sra. Raquel López non cobraba 34.000, cobraba 30.000 euros. Oiga! Xa está ben!, xa está ben!, pedinlle unha vez, referido a este caso, a Concelleiros de BNG que non se referisen nunca neste Pleno a persoas que ocuparan postos na bancada, que se referiran á actuación que tuvo como cando ocupaba este posto, e vólvolle a reiterar neste caso a unha persoa da oposición, deixemos de utilizar este tipo de linguaxe, refirámonos ás persoas polo posto que ocuparon e cando o ocuparon, non porque estean aquí ou deixen de estar, pedinllo unha vez e llo volvo a pedir, poñamos unha pouco de cordura nos debates que xa vai sendo hora de o facer. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Sr. Magariños, acaba vostede de dar a palabra... de dar a razón e pechemos o debate. É certo, a Sra. López Doce cobraba o 100%, 34.000 euros polo 100% da súa xornada, e os Concelleiros do Partido Popular cobran polo 50% da súa xornada e traballan o 100%, esa é diferenza seguramente da forma que temos de entender a política e lle podo garantir... e si quere doulle a relación dos listados e dos marcaxes dos Concelleiros do Partido Popular das horas que traballan e que pasan nesta Corporación cobrando o 50%, ao mellor vostede defende ese modelo de explotación laboral, pagarlle a mitad e traballar o dobre, ao mellor vostede agora tamén.... eu creo que vostede é un persona que apoia á clase traballadora, supoño que a quen traballa habrá que remunerarlle e habrá que pagarlle o traballo que fai, eu creo que así debe de ser e así o entendo, e non o entendo só na política senón que sempre o entendín non?, e sempre intentei defender esa cuestión, incluso tamén co propio personal funcionario desta casa. Xa lle digo, cando falamos da RPT, se alguén ten a intención de aprobar a RPT neste Concello foi o Partido Popular, creo que non hai ningunha dúbida de que nós estamos poñendo todo o posible para apoiar a RPT, nós cremos que ten que haber unha mellora salarial dos empregados públicos, entendemos tamén que non é suficiente no escenario actual, é unha mellora dun incremento da masa salarial de un porcentaxe importante, pero evidentemente este goberno ten a firme vontade de facelo, así que nós predicamos co exemplo; cremos que somos capaces de chegar a acordo e eu xa lles digo que, durante este mandato e estos primeiros seis meses de mandato, antes de finalizar o ano, seamos capaces de chegar a un acordo, que eu estou convencido de que si, que sexamos capaces de aprobar ese documento da RPT.

Procedemos, polo tanto, a votar..... Si, ten a palabra Sra. Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Gustaríame solicitar a esta Corporación que se pida que se retracten ás persoas que faltaron o respecto a outras persoas que non están aquí, valorando de xeito subxectivo a súa dedicación persoal ao seu traballo; porque cremos que non son formas nin polo cargo que ocupamos, nin dende logo pola representación cidadán que ostentamos, vir a este Pleno a faltar o respecto a persoas que desempeñan a súa labor profesionalmente. Polo tanto, pedimos que se retracten desas palabras aquelas persoas neste sesión.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois queda constancia da súa aclaración. Vamos a proceder a votar este.... ten a palabra D. Xosé Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Simplemente afondar no que dicía a voceira do Partido Socialista. Eu vou a ser máis positivo e lle vou a dicir que dudo moito que houbera aquí algunha vez algún Concelleiro ou Concelleira (incluída da súa etapa de goberno, creo que foron 16 anos que estivo anteriormente, que foi a etapa do bipartido, o goberno do Partido Popular) que lle dedicara única e exclusivamente as horas que poñía que adicaba. Todos sabemos que a dedicación ao Concello require un tempo, no goberno e na oposición, entón non falte ao respecto porque nadie aquí lle faltou ou respecto a ningún membro do Partido Popular en toda a historia deste... non!, perdón, eu non lle faltei o respecto neste debate á dedicación, nin neste nin noutro eh?, e retóqueme, dígame algunha vez si lle faltei, si puxen algunha vez dúbida á dedicación, bueno, entón?, vale. Vólvolle a repetir, non faltemos o respecto ás persoas, deixemos de facer demagogia en política, xa vai sendo hora eh?.

**Sr. Alcalde:** Sr. Magariños, aplíquese o conto, eu estou de acordo con vostede. Eu non puxen... eu non menosprecei o traballo de nadie, eu puxen en valor o traballo das persoas que forman parte do Partido Popular, con esto eu non quixen menospreciar. E si vostedes se están dando por aludidos en determinadas cuestións, eu non menosprecei o traballo de Dna. Raquel López cando foi responsable de Medio Rural neste Concello, en absoluta, nunca me escoitaría falar mal, ao contrario, seguramente me escoitaría falar ben do seu traballo, porque creo que foi una persoa responsable e traballadora; o que estou falando e que vostedes cobraban o 100% da súa dedicación, que é o 100%, e aquí había xente que traballaba o 100% e cobraba o 50%, foi o única que dixen, se a vostede eso lle parece tan mal ou lle parece unha falta de respecto, entende que se sentirá aludido ou se sentirá doído por algo que ao mellor sabe vostede e eu non chego a coñecer, pero eu so digo que aquí a persoas, como sempre hubo, que fan un traballo e que eu, a diferenza doutros, predico co exemplo, eu creo que a quen traballa e se sacrifica e a quen se esforza hai que recompensar, e creo que debe de ser así porque si non estaríamos noutro sistema, sistema de explotación laboral; e creo que aquí para facer as funcións do Concello, por moito que queiran vostedes confundir entre funcións e competencias, e realmente non é o mesmo, porque nós podemos delegar a competencia de cobro dos recibos dos impostos dos vehículos ao ORAL e ter a función e a responsabilidade da xestión do tráfico municipal, por exemplo, entre outras cuestións, polo tanto unha cousa son as funcións e outra son as competencias que teñamos e seguimos tendo, exactamente as mesmas competencias que tuvo sempre esta administración, nunca delegamos nada, delegamos a xestión tributaria pero en ningún caso nunca as competencias nin as responsabilidades que van incorporadas ao cargo de Concelleiro ou cargo de Alcalde.

Procedemos a votar este asunto, punto número once, que é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación do persoal eventual do Concello. Votos en Contra?, Partido Socialista, MÓVETE e BNG; abstencións?; votos a favor?, Partido Popular. Apróbase por maioría.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación de indemnizacións para os voceiros dos grupos municipais con representación política.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta o seguinte **ACORDO** cos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8), BNG (1) e MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 89, 104 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no artigo 50 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 12 da Lei 7/2007 pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Sendo as funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, determinar o seguinte persoal eventual do Concello:

- Director de Réxime Interno. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 40.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

- Xefe de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

- Secretario de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 18.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

**Segundo.-** Realizarase a tramitación que corresponda para adaptar o Cadro de Persoal ou calquera outra disposición municipal ao establecido neste Acordo. Mais, en todo caso, o presente Acordo será eficaz dende a mesma data en que se dite.

**13º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DA ESTRADA.**

**Sr. Alcalde:** O punto número 12 é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación dos representantes municipais nos Consellos Escolares. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Vista a normativa aplicable a este punto, en concreto o sinalado no artigo 17 dos Estatutos da Fundación de Congressos e Exposicións da Estrada que sinala, en canto aos membros do Padroado, que polo Concello da Estrada formarán parte o seu Alcalde e dous membros máis do seu Pleno, de acordo a esto a proposta é asignar aos grupos políticos a designación de dous membros que lle corresponden ao Concello da Estrada a maiores do Alcalde do seguinte xeito: un ao grupo do Partido Popular e un ao grupo socialista. A designación en concreto das persoas que han de

ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía....

**Sra. Belén Louzao:** Quero reiterar, perdón, este non é o punto que corresponde, non é o punto número 12, non sei si é cuestión de orden o sin orden, pero non procede.

**Sr. Alcalde:** Alteramos o orden, estamos debatindo o punto número 13, e pasamos despois ao punto número 12.

**Sr. Alberto Blanco:** Creo que non lle fago moito caso ao Alcalde hoxe. Ben, seguimos con este punto, simplemente finalizar co nomeamento e execución deste acordo que se realizará por Decreto da Alcaldía.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, algunha intervención nesta alteración do orden e dabatindo o número 13, algunha intervención?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, o trasladamos na Xunta de Portavoces, pedimos hoxe resposta e se nos di que non se vai a ter en conta a emenda que plantexábam, por lo tanto non vamos a apoiar este punto. Cremos que a representación no Padroado non recolle a proporcionalidade novamente, de feito, sin ir máis lonxe na Corporación anterior había unha persoa máis non propio Padroado, é dicir na Corporación anterior tiña 4 representantes o Partido Popular, 3 o Partido Socialista e 1 o BNG dentro desa Fundación, polo tanto cremos que non se recolle e non vamos a apoiar esta....

**Sr. Alcalde:** Sra. Belén Louzao está confundíndose vostede, emocionouse tanto co Sr. Blanco que se está confundindo de debate. Esta é a Fundación de Exposicións e Congresos non a Fundación Cultural.

**Sra. Belén Louzao:** Leva razón, leva razón, en efecto, apoiamos esta moción.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moi ben. Dna. Mar Blanco?, D. Xosé Magariños?, ten vostede a palabra.

**Sr. Xosé Magariños:** Eu acabo de quedar sen palabras, sen palabras acabo de quedar, pero bueno. Eu... como a min tamén, como aquí falamos de representatividade, vou facer tamén unha proposta neste punto, efectivamente os Estatutos do Padroado recollen solo dous representantes do Concello, entón para garantir esta representatividade eu propoño un Concelleiro do Partido Popular durante 4 anos, 1 representante do grupo socialista durante 2 anos que pasaría a dimitir para o posto ser ocupado pola representante do grupo municipal de MÓVETE e último ano de lexislatura dimitiría e pasaría a formar parte deste Padroado o representante do BNG, para garantir a representatividade.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, gracias pola súa aportación. Pasamos a votar polo tanto este punto número 13 antes do debate do punto número 12, que é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación de representantes municipais no Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. Votos en contra?, BNG; abstencións?, MÓVETE; votos a favor?, Partido Socialista e Partido Popular.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación de representantes municipais no Padroado da Fundación de Congresos e Exposicións da Estrada.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte **ACORDO** cos votos a favor do PP (11) e PSdeG-PSOE (8), en contra do BNG (1) e a abstención de MÓVETE (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 17 dos Estatutos da Fundación de Congresos e Exposicións da Estrada, que sinala en canto aos membros do Padroado: *“Polo Concello da Estrada: O seu Alcalde e dous membros máis do seu Pleno”*

**ACORDAMOS:**

Asignar aos grupos políticos a designación dos dous membros que lle corresponden ao Concello da Estrada, a maiores do Alcalde, do seguinte xeito: 1 ao grupo do PP e 1 ao grupo do PSdeG-PSOE.

A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía.

**12º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES.**

**Sr. Alcalde:** Pasamos agora a debater o punto número 12 que é a aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía de determinación dos representantes municipais nos Consellos Escolares. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, agora si, a proposta é asignar aos grupos políticos as representacións municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino. A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos se efectuará por escrito asinado polo voceiro de cada grupo e dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste acordo, se efectuará por Decreto da Alcaldía.

Centro de educación Infantil e Primaria de Figueroa: O grupo do Partido Popular.

Instituto de Educación Secundaria nº 1: Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Centro de Educación Infantil e Primaria Pérez Viondi: Grupo do Partido Popular.

Centro de Educación Infantil e Primaria do Foxo: Grupo do Partido Popular.

Centro de Educación Infantil e Primaria Paramá: Grupo do Partido Popular.

Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez: Grupo MÓVETE.

Instituto de Educación Secundaria García Barros: Grupo Socialista.

Centro de Educación Infantil e Primaria de Codeseda: Grupo Socialista.

Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca: Grupo Socialista.

Conservatorio: Grupo do Partido Popular.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Alberto Blanco. Algunha intervención?. Procedemos a votar, polo tanto, este punto nº 12 de aprobación da proposición da Alcaldía de determinación dos representantes municipais nos Consellos Escolares. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación dos representantes municipais nos Consellos Escolares.

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO** :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 126 da Lei Orgánica 3/2006 de Educación

**ACORDAMOS:**

Asignar aos grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino. A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía:

Centro de educación Infantil e Primaria de Figueroa  
Grupo do PP

Instituto de Educación Secundaria nº 1  
Grupo do BNG

Centro de Educación Infantil e Primaria Pérez Viondi  
Grupo do PP

Centro de Educación Infantil e Primaria do Foxo  
Grupo do PP

Centro de Educación Infantil e Primaria Villar Paramá  
Grupo do PP

Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez  
Grupo Móvete

Instituto de Educación Secundaria García Barros  
Grupo socialista



Centro de Educación Infantil e Primaria de Codeseda  
Grupo socialista

Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca  
Grupo socialista

Conservatorio  
Grupo do PP

**14°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOGAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA.**

**Sr. Alcalde:** Pasamos ao punto número 14 que é a aprobación, se procede, de determinación de vogais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Visto o sinalado no artigo 10 dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, que sinala en canto aos vogais do Padroado o seguinte: "*Sete vocais de libre designación polos grupos políticos integrantes da Corporación respectando a súa proporcionalidade no Pleno*". Por eso propónse asinar aos grupos políticos a designación de 7 vocais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito: 4 ao grupo do Partido Popular, 1 ao grupo PSdeG-PSOE, 1 ao grupo do BNG e 1 ao grupo MÓVETE. A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Alberto Blanco. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Lamentar que haxa que sen enfade e reiterar que non estamos de acordo con isto, pedir que ao grupo Socialista se lle concedan 2 representantes, 1 a MÓVETE, 1 ao BNG e, neste caso, 3 ao Partido Popular que conta tamén coa Alcaldía. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, non sei se hai algunha outra cuestión?. Procedemos a votar este asunto que é a aprobación, se procede, de determinación de vogais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada. Votos en contra?, Partido Socialista; abstencións?, BNG; a favor?, MÓVETE e Partido Popular.

Dáse conta da proposta emitida con data 15-06-2015 pola Alcaldía-Presidencia relativa á determinación de vogais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada.

Non habendo máis intervencións, o Concello Pleno adopta o seguinte **ACORDO** cos votos a favor do PP (11) e MÓVETE (1), en contra do PSdeG-PSOE (8) e a abstención de BNG (1) :

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15-06-2015.

Visto o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 10 dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada,

que sinala en canto aos vogais do Padroado: “[...] *Sete vocais de libre designación polos grupos políticos integrantes da Corporación respectando a súa proporcionalidade no Pleno*”.

ACORDAMOS:

Asignar aos grupos políticos a designación de 7 vocais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito: 4 ao grupo do PP, 1 ao grupo PSdeG-PSOE, 1 ao grupo do BNG e 1 ao grupo MÓVETE.

A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste Acordo, se realizará por Decreto de Alcaldía

## **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

### **15°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

**Sr. Alcalde:** Pasamos á parte de Xestión e Control, ao tratarse dun Pleno extraordinario... E o punto número 15 é a dación de conta do Decreto da Alcaldía designando os membros da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 679/2015, de 15 de xuño, polo que se nomean aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **16°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS TENENTES DE ALCALDE.**

**Sr. Alcalde:** O 16 é a dación de conta do Decreto da Alcaldía designando os Tenentes de Alcalde.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 680/2015, de 15 de xuño, polo que se nomean aos concelleiros que ostentarán o cargo de Tenentes de Alcalde.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **17°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS.**

**Sr. Alcalde:** O 17, dación de conta do Decreto da Alcaldía de delegacións en Concelleiros.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 681/2015, de 15 de xuño, polo que se designan aos Concelleiros as diferentes áreas de servizos, asumindo as delegacións xenéricas, incluíndo as facultades de dirección e xestión internas correspondentes .

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**18°.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

**Sr. Alcalde:** O 18, dación de conta do Decreto da Alcaldía de delegacións na Xunta de Goberno Local.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 682/2015, de 15 de xuño, relativo ás delegacións de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Como dicía antes, ao tratarse dunha sesión extraordinaria e non habendo capítulo de Rogos e Preguntas, agradecéndolle a súa amabilidade levantamos a sesión. Moitas grazas e boa noite a todos.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas quince minutos.

A Estrada, 18 de xuño de 2015  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso